

CHAVE 365. MOITO MÁIS SINXELO QUE O CERTIFICADO DIXITAL

Chave365 é o sistema que permite aos cidadáns identificarse en moitas Webs e aplicacións da XUNTA e asinar documentos e presentalos na sede electrónica (registro electrónico) da Xunta de Galicia sen necesidade de usar engorrosos certificados dixitais nin DNI electrónico.


Con Chave365, a persoa identifícase co seu NIF e clave persoal e asina electrónicamente cun código, único para cada operación, que recibe no seu teléfono móbil.

CHAVE 365 PARA FONDO LIBROS

Se dispón de CHAVE 365 pode facer cómodamente de xeito telemático a solicitude de [FONDO LIBROS](#).



pantalla inicio FONDO LIBROS



NON TEÑO CHAVE 365. COMO A SOLICITO?

Os pasos son os seguintes:

1. **Solicitar cita previa no seu centro de saúde para obter chave 365** (facelo con mínimo 24 horas de adianto). O horario de atención será de 9:00 a 14:00
2. Necesita dispoñer de **teléfono móbil e de correo electrónico**
3. Acuda ao seu centro médico o día da cita co seu DNI e a Tarxeta sanitaria
4. Alí daránlle de alta e recibirá no seu teléfono móbil un SMS cunha clave provisional de acceso. Se non recibe a mensaxe en poucos minutos chame ao 012 para confirmar que lle foi enviada.
5. Cun navegador de internet vaia á sede electrónica da Xunta apartado a miña sede e identifíquese co seu DNI e a clave provisional [Identificación Sede Electrónica \(xunta.gal\)](#). Prema en OS MEUS DATOS e DESPOIS EN CAMBIAR CONTRASINAL CHAVE 365
6. Pediralle introducir a clave provisional que recibiu no SMS e logo a nova dúas veces
7. Salga, peche o navegador e vostede XA TEN ACTIVADA E LISTA CHAVE 365 que lle permitirá facer multitude de trámites por internet sen necesidade de acudir presencialmente ás entidades.